



WHATSAPP O DIRECTOR...

Premiados no concurso do Rei

Cristina Rodríguez

Os alumnos do CPR Plurilingüe Divina Pastora Laura Paz Somoza, Rodrigo Fernández Fuentes e Susan Nicole Varela Torres, todos eles de 2º de ESO forman parte da selección de 40 alumnos e alumnas de toda Galicia seleccionados como gañadores - finalistas da 35ª edición do concurso escolar "¿Qué es un rey para ti?"

Ademais destes tres alumnos do colexio Franciscanas dirixidos polo seu profesor Gonzalo, destacan no listado dous alumnos máis do CEIP de Bibei de Viana do Bolo, Uxía Vaz Macías e Carmen González Conde; un alumno do CEIP Julio Gurriaran Canalejas, Victor Ortiz Sousa; e dous do CEIP A Ponte, Igor Cirian e Martín López Fernández.

O resto dos premiados son escolares de Vigo, A Coruña, Monforte de Lemos, Lugo, Betanzos, Cee, O Porriño, Viveiro e Sarria.

O grupo de escolares formará parte da exposición que terá lugar o día 3 de xuño no Museo Pedagóxico Galego, Mupega, sito na rúa San Lázaro, 107, en Santiago de Compostela. A partir das 12.00 horas celebrárase o acto de entrega dos diplomas a todos os galardoados no salón de actos. Durante o acto, farase público o nome do alumno ou alumna que representará a Galicia na Audiencia con S.M. o Rei.

Dende o Xornal Escolar queremos darlle a noraboa a todos os premiados e especialmente aos centros de ensino da provincia de Ourense.

